

CyberguardIA


Claudia Bellas Vega e Alicia Fernández Armoso
IES Moncho Valcarce

RESUMO DO PROXECTO

O noso proxecto, chamado **CyberguardIA**, trata sobre a seguridade na rede e o uso responsable da intelixencia artificial. O tema de estudo céntrase en analizar que coñecementos ten a poboación sobre a ciberseguridade e sobre os riscos das estafas en internet.

Para coñecer o nivel de información da poboación realizamos **enquisas** a persoas de diferentes idades. A partir dos resultados observamos que moitas persoas teñen dificultades para identificar fraudes ou contidos falsos.

Por iso, decidimos **desenvolver unha aplicación** que ofrece información, un chatbot especializado e ferramentas para detectar posibles estafas a través de imaxes, ligazóns... o obxectivo é mellorar a seguridade dixital e axudar ás persoas a usar internet de forma máis segura.



INTRODUCCIÓN

Na actualidade internet forma parte da nosa vida diaria, pero moita xente non sabe os **riscos que hai en internet**, e sofren estafas dixitais, roubos de datos e confían en contidos falsos creados con intelixencia artificial.

Moitas veces estes **fraudes son difíciles de identificar**, por iso é importante investigar o nivel de información da poboación sobre ciberseguridade. O obxectivo deste traballo é analizar ese coñecemento e desenvolver unha ferramenta que axude ás persoas a identificar estafas e navegar pola rede con maior seguridade.

PROPÓSITO DO TRABALLO

A finalidade deste traballo é **contribuír á educación dixital da sociedade e reducir o risco de estafas en internet**.

Empregando un cuestionario realizado en Google forms, analizarase que coñecementos teñen as persoas sobre ciberseguridade e intelixencia artificial con enquisas realizadas a diferentes grupos de idade. Despois analizarase esta información para crear unha ferramenta útil e accesible que permita aprender sobre os perigos da rede e detectar posibles fraudes.

O propósito final é **promover un uso máis responsable e seguro da tecnoloxía, facilitando recursos que axuden ás persoas a identificar contidos falsos ou intentos de estafa**.

ESTUDO DO ESTADO DA ARTE

Nos últimos anos **desenvolvéronse numerosas ferramentas de ciberseguridade e detección de fraudes en internet**, moitas delas baseadas en intelixencia artificial e con opcións de pago ou subscricións.

Empregamos correos electrónicos que recibiron as nosas familias e profesorado con consellos de ciberseguridade, e varias guías coma a **Guía de ciberseguridade para usuarios do INCIBE**, ou os **Consejos de seguridade en Internet do Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación**.

Posteriormente, buscamos apps que detectaran enlaces ou números de teléfono empregando IA para identificar sitios falsos ou fraudes, como **ScamScanner** (identifica tácticas de fraude), **Vivalk** (ofrece un gardián dixital que axuda a avaliar riscos en compras online) ou **Bevalk** (ferramenta en desenvolvemento enfocada a crear un escudo dixital).

Decidimos **elaborar unha aplicación que combinase todas as anteriores e que fose gratuita e fácil de empregar**, baseada nas peticións dos nosos entrevistados.


HIPÓTESE

A hipótese deste traballo é que **unha parte importante da poboación non ten suficientes coñecementos para identificar estafas ou contidos falsos na internet**, especialmente aqueles relacionados coa intelixencia artificial.

Por iso pensamos que, se se crea unha ferramenta accesible que explique estes riscos e axude a detectar posibles fraudes, moitas persoas poderán mellorar a súa seguridade dixital e evitar caer en estafas.

MATERIAL E MÉTODOS

Como xa comentamos, fixemos unha **enquisa en Google forms**, a máis de 200 persoas do noso entorno de diferentes idades, e despois procesamos os datos obtidos para elaborar gráficos:



Despois, empregamos a aplicación **App Inventor**, para practicar a programación por bloques. Como a interfaz non nos convencia, cambiamos a **Thunkable**, e empregamos axuda de **ferramentas de IA para crear o ChatBot (Gemini e POE)**.

RESULTADOS

A análise das enquisas fíxonos concluir que **moitas persoas necesitan máis información sobre ciberseguridade e intelixencia artificial**, e que ter unha app accesible e fácil de usar podería axudar a reducir o risco de caer en estafas.

Para solucionar o anterior, desenvolvemos CyberguardIA, que inclúe información, un chatbot especializado e sistemas para detectar posibles estafas. O noso obxectivo é que no futuro esta ferramenta poida **contribuír a mellorar o coñecemento da poboación e reducir os riscos asociados ao uso da rede**.

Ademais, este traballo mostra a **importancia da educación dixital e da divulgación científica** para fomentar un uso responsable e seguro das tecnoloxías.

BIBLIOGRAFÍA

Instituto Nacional de Ciberseguridad (INCIBE). Guía de ciberseguridad para usuarios. <https://www.incibe.es>

Instituto Nacional de Tecnoloxías de la Comunicación. *Consejos de seguridad en Internet*. <https://www.incibe.es/ciudadania/blog/estas-recomendaciones-de-ciberseguridad-te-interesan>

Google Safety Center. Seguridad y protección en Internet. <https://safety.google/>

Poe <https://poe.com/es/about>

AppInventor <https://appinventor.mit.edu/>

Thunkable <https://thinkable.com/>